

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación das bases e convocatoria para a selección de un docente para impartir o módulo da acción: Operacións básicas de restaurante e bar.

Concedida subvención polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 18 de agosto de 2017 ao abeiro da Orde do 7 de marzo de 2017 (DOG núm. 59 do 24 de marzo de 2017), pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018, e dado que a execución das accións será realizada directamente polo centro ou entidade beneficiaria sen que poida subcontratar con terceiros (non se considera subcontratación a contratación de persoal docente) procede seleccionar ao persoal que deba impartir cada un dos módulos.

Polo exposto e ao amparo do previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público veño en AVOCAR a competencia (delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución da Alcaldía de 29 de xuño de 2015) para o presente expediente por motivos de economía procedimental RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar as bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal do referido persoal e que son as seguintes:

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES, TIPO DE CONTRATO E MÓDULOS.

1.- O obxecto das presentes bases é a de establecer o procedemento de selección, polo sistema de concurso, do posto de traballo do persoal docente para a impartición das accións formativas para desempregados (AFD) que foron aprobadas polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria o 18 de agosto de 2017, ao abeiro da Orde do 7 de marzo de 2017 (DOG núm. 59 do 24 de marzo de

2017), pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018, concretamente Especialidade: H0TR0208/ Operacións básicas de restaurante e bar

2.- A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo determinado.

3.- As retribucións calcularanse por hora bruta baixo a fórmula que se establece no artigo 19.1 da Orde do 7 de marzo de 2017 (DOG núm. 59 do 24 de marzo de 2017). Módulo de prácticas en empresa 21,29 €/brutos (15 alumnos). Resto de módulos 33,29 €/hora brutos (15 alumnos).

4.- Módulos, horas, titulación requirida e experiencia profesional:

Un/unha docente para impartir os seguintes módulos

Módulos Formativos	Titulación requirida	Experiencia profesional requirida no ámbito da unidade de competencia	
		Con acreditación	Sen acreditación
MF0257_21: Servicio básico de restaurante-bar (120 h)	<ul style="list-style-type: none"> Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondiente ou outros títulos 	1 ano	3 anos
MF0258_1: Aprovisionamento			

<p>, bebidas e comidas rápidas (90 h)</p> <p>FCOM01 Módulo transversal. Manipulador de alimentos (10h)</p> <p>MP0015: Prácticas profesionais non laboráis de Operacións básicas de restaurante e bar (80 h)</p> <p>FCOXXX05 Módulo transversal. Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 h)</p> <p>FCO003 Módulo transversal. Formación para a igualdade (8 h).</p>	<p>equivalentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. • Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Hostalería e turismo. • Certificados de Profesionalidade de nivel 2 e nivel 3 da área profesional de Restauración a familia profesional de Hostalería e turismo. 		
--	--	--	--

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

2.1. Nacionalidade: Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro do Estatuto do Empregado Público.

2.2. Idade: Ter cumpridos 16 anos de idade.

2.3. Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo có previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores, de conformidade có cal poderán ser contratados aqueles que teñan plena capacidade de obrar conforme ao disposto no Código Civil, os menores de dezaioito e maiores de dezaseis anos, que vivan de forma independente, con consentimento dos seus pais ou tutores, ou con autorización da persoa ou institución que os teña ao seu cargo; así como os estranxeiros, de acordo có disposto na lexislación específica sobre a materia.

2.4. Capacidade profesional: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan no apartado 4 da cláusula PRIMEIRA, con máis un ano de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia. Serán así mesmo admitidos aqueles aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións relacionadas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia.

2.5. Competencia docente: Para acreditar a competencia docente requirida, o formador ou persoa experta deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. A formación en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos será equivalente o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, sempre que dita formación se obtivera ata o 31 de decembro de 2013.

Do requisito establecido no parágrafo anterior estarán exentos:

- a) Quenes estén en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía o da Pedagogía, o dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.
- b) Quenes posean unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademáis se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Asimesmo estarán exentos quenes acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercizo das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacherelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e quenes acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercizo da docencia na educación secundaria obligatoria, o bacherelato, a formación profesional e as ensinanzas de réximen especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- c) Quenes acrediten unha experiencia docente contrastada de alomenos 600 horas nos derradeiros sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

2.6.- Experiencia profesional: Deberá acreditar suficientemente a súa experiencia profesional na especialidade obxecto da convocatoria que como mínimo será de un ano. Acreditarase do seguinte xeito:

- a) Para os traballadores asalariados: Certificación de Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estivesen afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación, e contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirisen a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou dita actividade.
- b) Para os traballadores autónomos ou por conta propia: Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e una declaración responsable do cumprimento dos requisitos para a exención do módulo de prácticas coa descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo no que se realizou a mesma.
- c) Para os traballadores voluntarios ou becarios: Certificación da organización ou empresa onde se prestou a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano no que se realizaron e o número de horas adicadas ás mesmas.

2.7. Compatibilidade: Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida á señora Alcaldesa segundo o modelo previsto no **anexo I**

As citadas solicitudes presentaranse no citado Rexistro xeral do Concello en horas de oficina durante o prazo de cinco días naturais, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario de Arousa. Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (número 986524866) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficiñas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

3.2.- Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou documento que acredite a súa identidade
- b) Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional (base 2.4).
- c) Fotocopia da documentación acreditativa do requisito da competencia docente (base 2.5).
- d) Orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa da experiencia profesional a que se refire a base 2.6.
- e) Curriculum Vitae actualizado

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso de méritos

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Tribunal, que previamente deberá ser nomeado pola Alcaldesa sendo obxecto de publicación no portal de transparencia, calificará a documentación presentada e formulará proposta de resolución, propoñendo ao aspirante que obtivera maior puntuación, así como a 2 suplentes.

QUINTA.- CRITEROS DE SELECCIÓN NO CONCURSO:

Capacidade profesional:

- a) 3 puntos por cada licenciatura en: Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Veterinaria.
- b) 2 puntos pola titulación de Técnico Superior en Restauración
- c) 1,5 puntos pola titulación de técnico en cociña
- d) 1 punto por obter o certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Hostalería e Turismo na área profesional de restauración

Experiencia docente: 0,30 puntos por cada mes acreditado a xornada completa e a parte proporcional cando o contrato sexa a tempo parcial. Só se puntuarán os contratos por cada mes completo, agás no caso de que o contrato sexa por horas en cuxo caso outorgaranse 0,075 puntos por cada 40 horas.

Desprezaranse os días ou horas que excedan do previsto no apartado anterior agás no caso de empate.

En caso de empate proporase ao aspirante que acredite máis tempo de experiencia docente.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais contado a partir da publicación do resultado da selección, a seguinte documentación:

- Orixinal ou copia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado do nº de conta bancaria (co nº IBAN) cos 20 díxitos onde conste como titular.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións

SÉTIMA.- CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo Tribunal que impartirá todos os módulos. Non obstante o anterior, no caso de que a Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria mostrase algunha desconformidade respecto do currículo do/a candidato/a seleccionado/a, este/a non poderá ser contratado/a naqueles módulos que a Delegación indique.

OITAVA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3.1, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno. Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/das aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

NOVENA.- PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Cambados, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Cambados, Praza do Concello 1, 36630 – Cambados.

ANEXO I

Expediente: 143/2018

Don/a.....DNI.....
con enderezo a efectos de notificación en R/,
CP..... Concello de, Por medio da presente e

coñecendo as bases para a selección de persoal docente para impartir o módulo da acción: Operacións básicas de restaurante e bar

SOLICITO sexa admitido/a no proceso selectivo para o cal aporto a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional (base 2.4).
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade docente (base 2.5).
- Documentación acreditativa da experiencia profesional a que se refire a base 2.6.
- Curriculum Vitae actualizado

Asimesmo declaro que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ás que se refire a Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. *(ou no seu caso, que solicitarei autorización de compatibilidade correspondente no caso de ser seleccionado)*

E en proba de conformidade asino a presente ena/...../2018

SR. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMBADOS

Segundo.- Que se confeccione por secretaría o anuncio e se proceda á súa publicación do Diario de Arousa.

Terceiro.- Dar conta a Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que celebren.

En Cambados. A Alcaldesa. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente